

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2019

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Na última edición da feira do Temple produciuse un cambio de localización, pasou das rúas onde era habitual a súa celebración á rúa Polígono, todo iso coa intención de lograr revitalizar a feira e obter unha maior participación e asistencia cidadá.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente en Desenvolvemento Socioeconómico sobre o resultado e consecuencias do mencionado cambio de localización.

Don Juan González Leirós, de UxC, informa que se contestará por escrito.

2ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Tendo xa transcorrido un tempo prudencial dende a xudicialización emprendida polo noso concello respecto da vía Ártabra, sen que se nos teña comunicado aos grupos da oposición a situación na que actualmente se atopa a súa tramitación procesual, que incluíu a adopción de medidas cautelares, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao señor alcalde de Cambre que informe sobre o estado no que se atopa a día de hoxe o expediente ou expedientes xudiciais existentes.

O señor alcalde contesta que está en contratación. Hai que contratar un avogado para levar este asunto.

3ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días tivo lugar no Concello da Coruña, unha reunión comarcal de alcaldes coa finalidade de tratar o tema da creación da área metropolitana da Coruña, con asistencia, entre outros, do alcalde de Cambre.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite do señor alcalde que informe sobre a dita reunión, acordos no seu caso acadados e postura amosada polo noso rexedor.

O señor alcalde explica que se trataba de coñecerse todos, a nova alcaldesa da Coruña, os alcaldes do Consorcio das Mariñas e o de Arteixo, que tamén estivo.

A alcaldesa da Coruña, Inés Rei, dixo que se levaría a pleno a creación da área metropolitana, e o alcalde de Arteixo manifestou que queren que se inclúa a zona que vai da Laracha a Cerceda.

Conclúe dicindo que foi máis ben un acto protocolario e de toma de contacto que outra cousa.

Preguntas de EU-Son en Común

1ª Retirada.

2ª Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Cal é o tempo e forma para responder a unha proposta formal e expresa realizada na Xunta de Voceiros facendo mención ao articulado no que se recolle?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a Xunta de Voceiros, segundo o Regulamento orgánico municipal, asesora ao alcalde en asuntos concretos cando o considere necesario, pero non recolle que haxa rogos e preguntas que esixan unha obrigaón de resposta por parte do Goberno.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP

1º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Ante a situación que están sufrindo os veciños da urbanización da Barcala, como consecuencia das obras que se están realizando na Praza 1º de Maio e nos seus arredores, o pasado 12 de outubro producíronse desprendementos nos garaxes, cuxo lamentable estado, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, alertou aos veciños.

Á vista do cal o Grupo Municipal Popular presentou, o día 13 de outubro, un escrito a través do rexistro telemático municipal no que, á vista do lamentable estado non que se atopaban os garaxes, con apontoamentos, caída de cascotes, charcos, filtracións, etc., solicitábase, entre outros extremos, a remisión de:

- a) Informe pericial urxente sobre o perigo inmediato e a medio prazo que as obras na dita praza puideran ocasionar para persoas ou bens.
- b) Informe sobre existencia ou inexistencia de actas ou atestados levantados por funcionarios públicos municipais o 12 de outubro e a comparecencia o mesmo día 12 na dita zona dun técnico con cualificación profesional para valorar e recoñecer os garaxes e zonas conexas.
- c) Informe sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno municipal ante a alarma xerada o día 12 de outubro, así como as instrucións dadas aos veciños usuarios dos garaxes afectados. Ante a pasividade do Goberno municipal, as ditas peticións foron reiteradas na Xunta de Voceiros celebrada o pasado xoves, sen que ata o día de hoxe se teñan recibido nin os informes e atestados, nin a información solicitada.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se requira por terceira vez ao señor alcalde de Cambre a emisión e remisión dos mencionados informes, actas e atestados.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que onte lles remitiron os informes.

Don Juan María Abalo Castex manifesta que cre que eses informes son do 21, e neles non se fai referencia nin se dá copia dos atestados da Policía local, e tampouco se di nada das xestións levadas a cabo o día 12,

ou das instrucións dadas aos veciños. Ou sexa, co envío desa documentación non se está contestando este rogo.

Don Juan González Leirós contesta que se emitiron os informes que resultan concluíntes para ese problema. Explica que os danos non son polas obras que executa o concello, senón polas dos propietarios, e os prexuízos provocados estaban previstos polo técnico, que é un arquitecto superior. A alarma non se debe a danos que se produciran o día 12 festivo, senón do día 4 ao 11, e dá conta do que se expón no informe.

Continúa dicindo que todo o mundo o sabía. O día 12 produciuse unha chamada da concelleira de Ciudadanos, o alcalde acudiu alí xunto coa Policía e a concelleira de Servizos e comprobaron que estaba en orde. A partir de aí emitíronse os informes. Como avisaron que non había unha urxencia, pedíronse os informes e cando puideron, presentáronnos.

Don Juan María Abalo Castex pregunta polas actas e atestados da Policía.

Don Juan González Leirós contesta que actas non hai, atestados si. Pedirase un informe respecto do que viron alí e pasaráselles.

Don Juan María Abalo Castex pregunta polas instrucións que se deron aos veciños. Se foron alí a concelleira, o alcalde e a Policía, pregunta se alguén lle deu instrucións aos veciños ou lles dixo que non pasaba nada.

Don Juan González Leiros contesta que foron alí, viron o que había e chamaron á presidenta da comunidade, e ela díxolles que dende o día 4 xa eran coñecedores deste tema.

Conclúe dicindo que dende que se comezou a picar xa se sabía que ían ocorrer estes problemas, e o arquitecto xa ía todos os días por alí. Do día 4 ao 11 foi cando empezou a caer, e xa se sabía que ía caer, a propia comunidade o valou.

Don Juan María Abalo Castex pregunta se lles darán os atestados.

Don Juan González Leirós contesta que lle preguntará á Policía se os teñen e se lles enviará.

2º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Veciños de Santa María de Vigo infórmanos de que no cruzamento de camiños existente no lugar dos Currás, os transeúntes que descoñecen a zona continúan cos seus vehículos camiño adiante cara a onde non existe saída; lugar no que, ademais, non existe o espazo necesario para que os condutores poidan manobrar con garantías e saír del sen maiores dificultades. Problema que, ademais, vese agravado os fins de semana, convertendo o lugar, segundo nos refiren, nun auténtico caos.

De aí que, hai xa máis dun ano, se solicitara por rexistro no noso concello a instalación dun sinal indicativo de camiño sen saída, evitando así, ou polo menos minimizando, os problemas advertidos. Solicitude que, a día de hoxe, non ten sido sequer contestada.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se solicite do concelleiro competente que, tralo estudo do asunto se proceda, polo menos, a contestar á maior brevidade posible á solicitude presentada polos veciños hai xa máis dun ano.

O señor alcalde expón que este rogo correspóndelle á concelleira de Servizos, que hoxe non está, pero informa que se acepta o rogo.

3º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días, e informados novamente polo despregue mediático levantado polo equipo de goberno, infórmase que o alcalde de Cambre se entrevistou co xefe territorial da Consellería de Educación na Coruña e expúxolle a necesidade de levar a cabo no noso municipio un novo instituto.

Segundo segue informando a nota de prensa, o dito centro educativo situaríase nun terreo que xa foi expropiado no 2009 para uso educativo, pero entón prevíase para escola infantil e primaria, pero o concello viu que ten máis demanda a seguinte etapa educativa, razón pola cal o concello poñería os terreos a disposición da Xunta para que esta construíse un instituto.

Á vista do cambio de criterio levado a cabo dende o Goberno municipal e de que toda petición desta envergadura debe ir acompañada necesariamente dun informe que acredite a necesidade do investimento reclamado, dende o Grupo Municipal Popular se interesa o traslado a todos os grupos da oposición do informe que recolla a necesidade e oportunidade da instalación cuxa execución se reclama ou, no seu caso, se elabore e traslade.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que llelo darán a todos os partidos por escrito, e pide o apoio de toda a Corporación, e especialmente do PP, ante a Consellería.

Rogo de EU-Son en Común

Único.- Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Con número de rexistro 201999900001496 e data de presentación 25 de setembro de 2019, presentamos a solicitude nos seguintes termos literais:

“... con carácter urxente, visto que estamos falando dun ben público e recepcionado:

- 1.- Apertura da instalación para a súa comprobación, inspección e revisión da pista polideportiva citada na exposición.
- 2.- Comunicación e invitación formal e escrita aos voceiros ou voceiras de todos os grupos políticos presentes na Corporación do Concello de Cambre.
- 3.- Comunicación e invitación formal e escrita á Asociación Cultural e de Ocio San Antonio de Anceis, Asociación de Amas de Casa A Randeira, Comisión de Festas, Virxe de Lourdes ou calquera outra das asociacións existentes e rexistradas na parroquia de Anceis.
- 4.- No momento acordado para a apertura da instalación contaremos coa asistencia de técnico ou técnica municipal que poida informar aos asistentes da situación da citada pista.”

Pregamos se dea cumprimento á presente petición así como explicación pertinente do atraso no cumprimento desta petición sustentada en Dereito.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que en canto ao atraso contestouse oito días hábiles despois. O día 18 houbo unha reunión co xefe de área, polo que o atraso non existe.

En canto á solicitude de apertura, di que é unha iniciativa da Asociación Cultural, e deulle cobertura legal e facilitou os terreos, pero Urbanismo non aconsella a apertura do pavillón. Unha cousa é a pista cuberta e outra o polideportivo.

Conclúe dicindo que o pavillón deportivo segue nas mans da asociación, e consideran que non sería conveniente a súa apertura antes da aprobación definitiva do plan especial, así se lle evitan problemas á dita asociación.

Dona María Olga Santos López manifesta que o que se di é que se deu resposta á petición dos tres escritos presentados por EU o 25 de setembro, que se está pendente do informe da Consellería de Medio Ambiente e logo da aprobación do PERI. Tamén se lles di que teñen á súa disposición o expediente, certo, e que non necesitan autorización de Alcaldía para acceder á documentación, pero non se di nada da apertura dun ben recepcionado polo concello.

Se a resposta é que se desaconsella dende Urbanismo, debería de poñerse no escrito que remitiron, e se quere acceder a un local e o solicitan, se está recepcionada a pista e non poden entrar é porque hai unha pechadura e unha chave. Pregunta se os grupos políticos teñen acceso a esa chave e por que se desaconsella.

Don Juan González Leirós contesta que é un problema de risco. Se uns paneis se caen con xente dentro e está recepcionado, hai un seguro, pero senón non o hai. É unha cuestión de razoabilidade. Se se trata dun partido de fútbol con catro xogadores supón que non habería problema, pero se é para moita xente está claro que no pode ser. Teñen un problema e o concello considera que non poden celebrarse actos multitudinarios.

Conclúe dicindo que unha apertura é un acto regrado, e agora mesmo non se pode facer, outra cousa é ir alí a facer unha visita.

Dona María Olga Santos López expón que o que lle pediu foi unha visita.

Don Juan González Leirós contesta que se é unha visita dos concelleiros á pista, entende que non habería problema, o que non se pode facer é unha apertura. Conclúe que a chave tena a asociación.

Dona María Olga Santos López agradecería que se lles dea resposta ao que piden, porque non se contestou expresamente á cuestión.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se a instalación non está recepcionada polo concello.

Don Juan González Leirós contesta que o concello non pode outorgar autorización para un pavillón en Anceis. Para unha construción que ten un pechamento non se pode dar esa licenza. A diferenza está entre a pista de Pravio e o pavillón de Sigrás.

O concello díxolle á asociación que non se podía facer un pavillón. Intentouse habilitar o proceso e deuse a autorización para unha pista polideportiva aberta, por iso a pista está recollida, pero o pavillón non. A responsabilidade tena a Asociación Cultural.

O concello está a tramitar o plan especial de dotacións e con iso regularizaranse todas as instalacións que están alí e que non están regularizadas. Agora é zona dotacional de Anceis, queda un ámbito para poder facer dotación alí.

Conclúe dicindo que posiblemente para o vindeiro mes estará aquí o plan para aprobalo.

Rogo de C's

Único.- Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

O proxecto para construír as beirarrúas en Sigrás atópase redactado e en fase de supervisión. Falta que o concello poña os terreos necesarios a disposición das obras. Por todo isto rogamos:

Se informe a todos os grupos políticos se a día de hoxe o concello dará cumprimento á súa obriga de entregar a cesión de todos os terreos necesarios para que se poidan construír as beirarrúas en Sigrás e, de non ser así, quede aclarado cal é o motivo polo cal se alonga esta paralización no tempo e que medidas teñen pensado tomar para que se poida levar a cabo a construción das beirarrúas canto antes, se ben a sinatura dun convenio como propuxo a Xunta, ou un longo e tedioso proceso de expropiación.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que tamén falta que se aprobe a supervisión pola Xunta, mentres non o aprobe non hai proxecto, ou sexa, que non só falta a cesión dos terreos.

Explica que o concello puxo a disposición da Xunta todos os terreos que puido, o 90%. Hai dous señores que se negaron, incluso coa colaboración prestada pola Asociación, ou sexa que só queda a expropiación, non queda outra.

O concello puxo no 2017 o 90% dos terreos. Nunca dixeron que o concello tivera que expropiar eses terreos. Para que o concello poida expropiar terreos ten que ter a habilitación. Neste caso o interese público ou social tería que facelo valer a Xunta ao aprobar o proxecto, ou ben habilitar ao concello.

No 2019 o director xeral da Axencia de Infraestruturas enviou un escrito onde vén a dicir que nos últimos meses continuarase avanzando nos procedementos e expropiación por parte da Xunta de Galicia. Lido iso entenderon que o ían facer eles. O concello pode colaborar, pero non está obrigado, porque a quen lle corresponde é á Xunta.

No ano 2015 fíxose un proxecto, e nel ían as expropiacións. O concello dixo que ía colaborar no tema das cesións, e así se fixo, dispónse do 90% dos terreos necesarios. En canto ao convenio, se a Xunta non habilita ao concello para expropiar, entón non poden facelo.

Conclúe dicindo que o alcalde pediu unha entrevista para ver as condicións do convenio.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se non houbo un compromiso do concello de poñer todos os terreos.

Don Juan González Leirós contesta que todos os posibles, si, pero todos non.

Don Juan María Abalo Castex expón que houbo un cambio no proxecto, e pregunta se non é certo que puido haber unha posibilidade de perda de fondos europeos por ese cambio.

Don Juan González Leirós responde que habería que preguntarlllo á Xunta.

Don Juan María Abalo Castex pregunta se o Concello de Cambre ten ou non competencia expropiatoria.

Don Juan González Leirós contesta que non lle vai contestar nin si nin non, será como crea conveniente ou poida. En canto aos fondos dille que pregunte á Xunta.

Conclúe dicindo que no que se refire á capacidade expropiatoria é algo que leva explicando dende hai 20 minutos. O concello ten capacidade expropiatoria nos proxectos que aproba o propio concello e nos que se declara de interese público, non respecto dos proxectos doutras administracións. Por exemplo, no caso do polígono do Espírito Santo, expropiou o concello porque recibiu a potestade expropiatoria da administración competente.

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

A vista dos problemas advertidos nos últimos meses nas obras que se están realizando na Barcala e que xa foron obxecto de interese en sesións anteriores, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente sobre as xestións realizadas e o estado no que se atopan, a día de hoxe, as obras que se están levando a cabo na cambresa urbanización da Barcala.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, expón que cría que xa tiña contestado, pero xa ve que non. Di que lles fará chegar unha especie de organigrama da empresa impermeabilizadora. Segundo se vaia impermeabilizando o concello terá que ir detrás pechando a operación, o que lle levará uns 15 días máis.

2ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Varias foron as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular se interesou tanto en comisións informativas como en sede plenaria pola loita contra a avésa asiática ou velutina. A última delas nas comisións informativas do pasado mes de setembro, nas que alertabamos do perigo existente para veciños e transeúntes da Pena da Nosa Señora, en torno aos números 2 e 4, onde se solicitou a retirada dun niño desta clase de avésas de dimensións considerables, que se atopaba colgado dunha árbore. Niño que, aínda a día de hoxe, segue colgado, tal e como se advirte na fotografía que se achega.

Protección Civil de Cambre informou nos últimos días que foron retirados 300 niños de velutina dende o mes de xaneiro, 100 menos que no 2018, sendo unha das novidades deste ano que boa parte deles se atopaban en terra e non en zonas altas.

Á vista do antedito, dende o Grupo Municipal Popular de Cambre pregúntase ao concelleiro competente cantas alertas pola presenza de niños de velutina das denunciadas polos nosos veciños non foron atendidas dende Protección Civil de Cambre, así como as que están pendentes de resolver a día de hoxe.

O señor alcalde contesta que só uns 30 niños non se retiraron debido á altura na que se atopaban. Protección Civil di que neses niños para o ano que vén non haberá máis, pero, en todo caso, a competencia é da Xunta de Galicia, non do concello.

Reitera que segundo Protección Civil as avésas abandonaron ese niño e o vindeiro ano non volverán a el.

3ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días, e informados novamente polo despregue mediático levantado polo equipo de goberno, infórmase que o Goberno local de Cambre anunciou en maio do ano pasado que o noso concello tramitaba a contratación da redacción dun plan especial en solo rústico para convertelo en dotacional e poder con iso executar un novo instituto na zona de Lendoiro (preto do campo de fútbol e a empresa Molduras del Noroeste).

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao equipo de goberno sobre a situación na que se atopa a dita contratación e a redacción do plan especial en solo rústico máis arriba referenciada, que posibilite a cesión e, no seu caso, construción dun novo instituto, así como as previsións de futuro máis inmediato ao respecto.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que xa está contratado o plan especial. A redacción trasladouse a Medio Ambiente, e dende a Xunta pediron unha documentación. Cando a teñan exporán o plan.

Preguntas de EU-Son en Común

1ª Retirada.

2ª Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Conta o pavillón de Anceis con todos os permisos favorables para poder comezar a actividade?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que a pista cuberta si, o pavillón non.

Preguntas de C's

A feira do Temple cambiou de localización pasando da rúa Párroco Manuel Cobas e a súa contorna, á rúa Polígono.

Segundo o artigo 4 da ordenanza reguladora de venda ambulante, no seu apartado 4.2, di que os postos de venda ambulante non poderán situarse nos accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais, nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación.

Os postos que se atopaban enriba das beirarrúas incumprían estes requisitos, obstaculizando o acceso a establecementos comerciais e dificultando a accesibilidade dalgúns viandantes.

1ª Recibiron vostedes as queixas por parte dalgúns comerciantes?

2ª Teñen en conta como emendar estes problemas nas seguintes edicións?

Don Juan González Leirós, de UxC, informa que se contestarán por escrito.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Á vista das deficiencias observadas nos diferentes centros de educación infantil e primaria (CEIP) situados no noso termo municipal, dende o Grupo Municipal Popular requírese ao concelleiro competente en Educación que se informe con desagregación, centro por centro, de cada unha das deficiencias advertidas ou queixas remitidas polas Anpas ou polas direccións dos ditos centros como de necesaria reparación en cada un deles durante os últimos catro anos, con indicación daquelas que foron atendidas.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, informa que lles contestará por escrito.

2ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Veciños e usuarios do polideportivo do Temple refírennos as súas queixas polas obras que se están realizando na rampla de acceso, que parecen terse alongado máis do debido e entorpecido o desenvolvemento dalgunhas actividades que alí se imparten.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente en Deportes sobre cando terminarán as ditas obras de acceso ao polideportivo do Temple.

Dona María Jesús González Roel, do PP, explica que se trata da rampla de acceso para minusválidos, a do interior.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que non teñen ningunha queixa dos usuarios sobre esa cuestión, e está funcionando.

3ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Transcorridos xa varios meses dende a celebración da última edición da Romaría castrexo romana Galaicoi en Cambre sen que se teña informado sobre o seu resultado, tamén a efectos contables, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente sobre o seu resultado, con desagregación de ingresos e gastos nos diferentes conceptos.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que os resultados foron extraordinarios. Houbo máis de 12000 visitantes, segundo a Policía local. O orzamento inicial era de 70.000 €, coa previsión de recuperar un 80% dos gastos mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial, como o ano anterior. De manterse estas previsións di que agardan recuperar por esta vía aproximadamente uns 50.000 euros dos 65.000 mil euros finalmente investidos nesta edición.

Conclúe dicindo que no apartado de ingresos tamén están os 244 euros obtidos por venda de merchandising da Galaicoi no museo e os 567,78 ingresados polas taxas aboadas polos artesáns e comerciantes asistentes.